

**PROPOSTA
CURRICULAR
CEEPR
ASPACE CORUÑA**

- 1. Introducción**
- 2. Características do Centro**
- 3. Proposta Curricular para Educación Infantil**
- 4. De Educación Infantil a Educación Primaria**
- 5. Tránsito á Vida Adulta**
- 6. Consideracións finais**
- 7. Lexislación**

1. Introducción

Cando se inicia un proceso de lectura e interpretación do Currículum para adaptalo ás necesidades dos nosos/as alumnos/as, atopámonos ante unha situación moi complexa.

Hai unha serie de criterios xerais para adaptar o Currículum ós nenos/as que neste momento atendemos e á nosa unha proposta curricular, para que sexa o máis axeitado posible para o período da súa escolarización básica obrigatoria. Isto, de carácter provisional, está en proceso de revisión e contraste por parte do centro, para ser modificado e adecuado as súas necesidades.

Existen múltiples variables que converxen e que xeneran unha importante adaptación do currículum para dar resposta á diversidade que atendemos.

No proceso de elaboración da Proposta Curricular inciden unha serie de aspectos que a fan especialmente complexa: a presenza de profesionais con diversas funcións que atenden os alumnos/as, a conexión do centro cos distintos sectores sociais, servizos compartidos dentro de Aspace, a colaboración cas familias, as instalacións, o equipamento e os materiais adaptados que fan unhas características organizativas particulares e distintas ás dun centro ordinario. Ademais e coma variable fundamental, as capacidades diferentes e as necesidades diversas dos alumnos/as aquí escolarizados.

No noso centro hai, cada vez en maior número, alumnos/as con limitacións persoais máis graves e permanentes. A escolarización progresiva de rapaces/zas con capacidades diferentes na escola ordinaria, propicia a escolarización dos alumnos/as con afectacións máis graves en centros específicos coma o noso. Trátase dos que teñen necesidades tan específicas e diversas que é preciso télas en conta á hora de ofrecer unha resposta educativa adecuada e eficaz.

As carencias as que é preciso dar resposta neste caso, son as relativas a súa saúde física e funcións biolóxicas básicas (alimentación, vixilia/sono, hixiene

persoal...) e a potenciación da súa percepción sensorial consciente, ademais da interacción co medio. Dita resposta implica axudas múltiples, intensas e permanentes que requiren a colaboración de diversos profesionais que lles proporcionan atención sanitaria e coidados relativos ás necesidades básicas que promoven o seu benestar, e tamén a interacción ca contorna, ademais do establecemento de intencionalidade comunicativa.

Os nenos/as precisan, en primeiro lugar, unha resposta que propicie paulatinamente o seu contacto normalizado cas persoas e a contorna máis cercana, promovendo á vez benestar afectivo-emocional e independencia persoal. Para elo, as intencións prioritarias na planificación da atención educativa centraranse, sobre todo, no establecemento da comunicación, mediante linguaxe oral ou outro sistema de comunicación alternativa, e facilitarles ambientes seguros e de apoio emocional específico para eles, incorporando as tarefas e actividades da vida cotiá.

Na actualidade a problemática dos nosos/as alumnos/as é maioritariamente cognitiva, incide no desenvolvemento de funcións coma a atención, percepción, memoria, capacidade de planificación e execución, que dificultan o coñecemento e adaptación ó medio, determinando un grave enlentecemento no desenvolvemento e un baixo nivel de competencia xeneralizado. Aprenden con grande dificultade e con tempos máis longos, olvidan con facilidade o aprendido, non adquiren habilidades complexas, non son capaces de planificar accións e actividades, aínda que teñen intencionalidade comunicativa, as súas posibilidades de comunicación oral son moi limitadas. Tamén é moi destacable a gravidade do seu problema motor, que fai necesario o uso de cadeiras de rodas e axudas técnicas.

As principais carencias xiran en torno á mellora da súa percepción e representación, o acceso á función simbólica e a utilización da linguaxe, así como o coñecemento da contorna e planificación das súas accións, que lles permitan adaptarse ao seu medio para adquirir nel desenvolvemento persoal, independencia e inclusión social. Para elo, son fundamentais a interiorización da linguaxe, a

participación en xogos simbólicos, a creación de ambientes estruturados e adaptados que proporcionen axuda persoal e/o material onde e cando fose preciso, planificando cantos cambios e transicións a outros contextos se fagan.

O grao de diversidade nas necesidades destes alumnos/as, globalmente consideradas, plantexan adaptacións curriculares moi significativas nos elementos do Currículum e na propia estrutura organizativa do centro de forma que permita un axuste real ás carencias que plantexan os escolares.

Os procesos de desenvolvemento e aprendizaxe esixen períodos de tempo máis amplos que deben ser tidos en conta á hora de organizar o currículum. A idade dos alumnos/as constitúe un indicador que situamos no plano psicolóxico e social, no senso que a oferta educativa sexa por un lado, adecuada as súas posibilidades e nivel de desenvolvemento, e por outro, o máis acorde posible ca súa contorna social.

Os coñecementos, habilidades e destrezas esenciais para o desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos/as, exige unha selección e secuenciación dos contidos orientada por criterios de funcionalidade, sendo necesario abordar moitos deles de forma cíclica ó longo de toda a escolarización. O conxunto destes aspectos, plantexa adaptacións e modificacións importantes no Currículum e na temporalización das etapas. Tamén é moi importante a selección de materiais cos que levar a cabo as distintas actividades, estes deben ser axeitados as necesidades non só cognitivas senón tamén as condicións físicas do noso alumnado.

Tendo en conta todo o anterior, atopámonos con que hai que dar resposta nun mesmo proxecto a grupos de alumnos/as que presentan idades, coñecementos, ritmos de desenvolvemento, tipo e grao de dependencia e expectativas de progreso diferentes e, polo tanto, a resposta que demandan será obrigatoriamente diversa.

A hora de proceder a un grao de adaptación tan importante, son necesarios criterios para poder tomar decisións nos diferentes componentes del currículum. Recurrir ás valoracións dos distintos ámbitos é moi importante para recabar información. Os criterios que se derivan de este proceso permitirán establecer as

prioridades de ensinanza e definir aquilo que se considera básico para o desenrolo e socialización, establecéndose así unha correspondencia entre o nivel establecido do currículo e as demandas e respostas que requiren estes alumnos/as.

Os criterios que veñen deste contraste inciden nas opcións sociolóxicas e psicopedaxógicas que os determinan. Neste senso, o noso centro fai unha función social e socializadora e leva á aspectos esenciais para dar unha resposta educativa axeitada, en función da concepción da aprendizaxe e a ensinanza da que se parte.

O que un alumno/a é capaz de aprender no só está en función das súas características individuais, senón tamén, do tipo de apoio que se lle proporcione. As características individuais, aínda que son o resultado da historia persoal poden modificarse en función das experiencias educativas ás que poidan ter acceso.

O colexio ten una función globalizadora que, combinando os recursos do propio centro e/o da contorna, xunto cas características dos alumnos/as contribue á promoción do benestar e a calidade de vida dende a educación.

Pártese dunha concepción do ensino que entende a aprendizaxe coma un proceso que só é posible mediante o axuste das condicións individuais dos alumnos/as. Por elo, requírese tomar en consideración, entre outros, os seguintes aspectos:

- O valor educativo que teñen a hixiene, a saúde, a alimentación e os hábitos da vida diaria coma aspectos que favorecen o desenrolo persoal. Utilizar instrumentos e estratexias que contribúan a mellorar as graves dificultades motrices e de saúde, así coma diseñar ambientes nos que as condicións físicas (luz, temperatura, mobiliario, material...) sirvan para promover o seu benestar físico e emocional.
- Favorecer a interacción e a comunicación das tarefas que o alumno/a realice para integralas no conxunto global de actividades que se realicen. A utilización de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación e de

axudas técnicas posibilitará ós nenos/as iniciar e/ou incrementar a súas habilidades de expresión, de representación e de comunicación intencional.

- Proponer experiencias e actividades cercanas á realidade vital, que estén debidamente secuenciadas e que poñan en xogo habilidades integradas en situacións con sentido.
- Ensinar de forma procedimental e utilizar estratexias que faciliten o recordo e memorización de feitos, habilidades ou destrezas previamente empregadas, mediante apoios verbais, visuais ou escenificacións de situacións anteriores, esto contribuirá a favorecer a funcionalidade das aprendizaxes. Tratarase de organizar o entorno escolar de forma que incorpore os coñecementos e experiencias, para que realicen e actualicen estas aprendizaxes nos momentos e ámbitos que así o requiran.
- Xenerar situacións de aprendizaxe que favorezan o equilibrio afectivo e as capacidades de relación interpersonal, de actuación e inserción social, de forma cos alumnos/as se sintan seguros, valorados e aceptados.

Son nas súas experiencias de relación cos adultos onde estos nenos/as constrúen o seu autoconceito e autoestima. Neste proceso de coñecemento sobre sí mesmo xogan un importante papel a aceptación e respecto que reciban dos demais.

Os criterios que orienten a adaptación curricular e que permitan establecer prioridades de ensinanza para os alumnos/as máis gravemente afectados deben ser a normalización e individualización.

Os procesos cognitivos destes rapaces/zas están moi vinculados ó concreto. A referencia a obxetos, persoas e situacións próximas será un recurso importantísimo a hora de establecer as actuacións educativas.

As relacións entre obxetivos e contidos deberían ser continuas e o tempo a invertir o necesario para o seu desenrolo e aprendizaxe. Estes alumnos/as

requieren tempos máis amplos para alcanzar determinados obxetivos e contidos, sendo necesario retomar algúns de forma cíclica ó longo da escolaridade. Débese seleccionar e explicitar os contidos e obxetivos atendendo ás posibilidades dos alumnos/as e a súa idade cronolóxica, e tamén ós aprendizaxes e funcións a desempeñar nas distintas contornas nos que transcurre a súa experiencia vital. Priorizar capacidades, escomenzando por aquelas que afectan o benestar físico e emocional ou á participación na vida comunitaria.

A selección de obxetivos e contidos referirase a experiencias educativas directas e persoais. Teremos sempre en conta as necesidades e características de todos os alumnos/as á hora de seleccionar e explicitar os obxetivos e contidos. A formulación que se realice debe ter un carácter comprensivo que permita, especificar máis cando sexa preciso diversificar a resposta educativa para axustarse en maior medida a determinados alumnos/as.


Todo isto ten coma resultado unha adaptación do curriculum importante, e que da lugar a:

- Reagrupación, desglose o reordenación de algúns obxetivos xerales e bloques de contido.
- Incorporación de aprendizaxes alternativos que permitan ós alumnos/as acceder ó prioritario para o seu desenvolvemento persoal.
- Estructuración dos contidos en ámbitos máis significativos de acordo o tipo de experiencias e coñecementos adecuados a este tipo de nenos/as, coma son as relativas ó Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, Coñecemento da cotorna e a Comunicación e Linguaxe.

2. Características do centro

2.1. Alumnado

Para contextualizar a poboación de alumnos/as que atendemos debemos falar do grao de discapacidade que afrontan que é dun 24% para aqueles que están na franxa de 70-79%, para a seguinte entre 80-89% a porcentaxe é de 32%, e co 44% están os de máis do 90%.



O noso centro atende a nenos/as con idades comprendidas entre os 3 ata os 21 anos, e que pertencen ó ámbito da provincia da Coruña. Unha alta porcentaxe ten Parálise Cerebral, ou unha patoloxía afín, entendendo que a Parálise Cerebral é unha lesión no cerebro antes de que o seu desenvolvemento e crecemento sexa completo, é permanente, progresiva, irreversible, pero non dexenerativa, nin aumenta nin diminúe, acompaña a persoa durante toda a súa vida.

Os alumnos/as que teñen esta alteración sofren un dano na función motora que se traduce nunha desorde permanente e non inmutable do tono, postura e movemento. Esta lesión, pode xerar cambios noutras funcións superiores (memoria, percepción, linguaxe e razoamento) que dependerá do tipo, localización, amplitude e disfunción da lesión neurolóxica, ou interferir no desenvolvemento do sistema nervioso central(SNC).

A intensidade coa que afecta os/as nosos/as alumnos/as ven determinada polo momento concreto no que se produce a lesión. Habará persoas que convivan cunha parálise cerebral que apenas se detecte, e outras que non podan valerse por si mesmas completamente, ou necesiten coidados e atención de terceira persoa para as acción da súa vida cotiá.

Neste intre todos/as os/as alumnos/as están traballando con obxectivos de educación infantil, inda que abárcanse todas as etapas obrigatorias no centro.

A partires dos 16 anos, dadas as súas características, están inmersos na etapa de tránsito á vida adulta, na que se pretende promover o maior grao de autonomía posible e a inclusión do alumnado como membros de pleno dereito na sociedade. Tamén, como está sendo nos últimos anos, debido as características dos nosos/as alumnos/as, para favorecer entre outros aspectos a socialización.

A atención a estes rapaces/zas exige una organización que permita atender as necesidades globáis relacionadas ca súa idade cronolóxica e o seu nivel cognitivo, ca súa forma peculiar de aprender e tamén cas súas necesidades individuais e propias. A nosa organización debe responder a distintas esixencias: de relacionarse con outros e aprender xunto a un grupo, pero tamén ás carencias que requiren un tempo de atención máis individualizada.

Todo o noso alumnado ten adaptacións curriculares (ACI) significativas, debido as súas capacidades diferentes. Ditos documentos, segundo dí a lexislación deben renovarse cada dous anos, establecendo neslas os obxectivos a traballar, os criterios de avaliación, e datos de interese dos nenos/as. Tamén hai que facer un seguimento anual delas, ou rexistrar os cambios máis significativos en calqueira momento do curso.

A forma de elaborar a ACI é a seguinte: cada titor establece os obxectivos a traballar co neno/a na, despois coméntanse na reunión de profesores co orientador, para consensualos. A continuación cada titor/a máis o orientador reunírase co equipo de técnicos (logopeda, fisioterapeuta e terapeuta ocupacional, tamén se pode chamar o coidador se fose necesario) que están a tratar ó alumno/a para ter una perspectiva transversal do traballo que se realiza cos rapaces/zas.

2.2. Familias


Unha parte fundamental do noso proxecto educativo é a familia, a súa colaboración e estrictamente necesaria para a mellor calidade de vida dos nenos/as, para a adquisición de destrezas e a súa plena inclusión social.

Na actualidade o 20% das familias que acuden ó centro proceden doutros países (Marrocos, Venezuela, Colombia, Brasil, Portugal e Canadá).

A franxa de idade na que máis país están incluídos é entre 41 e 50 anos, que ocupa o 50%, un 25% entre 21 e 40 anos, e o outro 25% ente 51 e 60 anos.

A hora de establecer a residencia a maioría viven na cidade da Coruña, ocupando unha porcentaxe dun 36%, o 44 % en concellos próximos ó da Coruña, coma Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo e Arteixo, e o 20% restante son dos concellos de Valdoviño, Ferrol e Mugardos.


En canto ó tipo de familia que se reflexa no centro, o 80% dos alumnos/as vive cos dous proxenitores, o 16% cun dos dous, sendo sempre a nai a que forma a unidade de convivencia, e un 4% viven con outros parentes ou en institucións.



2.3. Ubicación e área de influencia

O centro educativo Aspace Coruña está situado a 3 Kms do Concello de Sada e a 18 da cidade da Coruña. O domicilio social está en Casteliño Nº 24, lugar de Osedo, Sada (A Coruña).

O alumnado procede de distintas zonas da cidade da Coruña, e dos concellos de Oleiros, Sada, Cambre, Culleredo, Arteixo, Mugardos e Ferrol.



2.4. Organización

O centro está concertado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, estando suxeito a toda a lexislación que afecta ós centros que reciben financiación por parte da dita Consellería. O último concerto foi

asinado en Agosto de 2017, por seis unidades concertadas, inda que o centro ten autorizadas oito.

A ratio é de 4/6 alumnos/as por unidade, o fronte de cada unha está un profesor de educación especial, e a este concerto pertencen tamén unha logopeda, un fisioterapeuta e 3 coidadores.

Consta de 6 aulas, unha sala de fisioterapia, un gabinete de logopedia, 3 espacios de comedor, 3 aseos para alumnos/as, unha pequena cocina, unha sala de NNTT, 3 baños de persoal, 2 despachos, un almacén, unha sala de xuntas, e un patio moi amplo, cuberto, que é o espacio central do centro.

O centro comenza a funcionar o día 1 de setembro ata o 30 de Xuño, en horario de 10:00 a 17:30, de luns a venres. Neste tempo se desenrola a actividade educativa (traballo de aula, actividades grupais, saídas na contorna, asistencia ós tratamentos...).

2.5. Servizos

Ademáis do estrictamente escolar, o centro ofrece outros servizos, como son:

Fisioterapia: Os tratamentos que se fan dende aquí van encamiñados a normalizar, dentro das súas posibilidades, o estado físico dos menos/as.

Actividades acuáticas: Potencian moverse cunha maior liberdade e facer actividades que fóra da auga son moi difíciles de realizar. Algúns dos efectos do exercicio dentro da auga son disminuir a dor e os espasmos musculares, manter ou aumentar os percorridos articulares, fortalecer musculatura, manter ou mellorar o equilibrio e a coordinación, estimular a circulación, mellorar a respiración...

Logopedia: Dende este departamento búscase incrementar a capacidade comunicativa do neno/a, vai dende a estimulación da linguaxe oral ata a utilización dun método de comunicación alternativa e/ou aumentativa. Os problemas de deglución trátanse de maneira moi intensa, xa que a maioría dos nosos alumnos/as presentan alteracións neste proceso.

Terapia ocupacional: Os axudas técnicas e as adaptación dos materiais para a normalización das actividades é a súa misión fundamental. Os hábitos da vida diaria, o acceso as NNTT, son partes fundamentais no noso sistema de ensinanza que dende eiquí se potencian. Existe tamén una sala multisensorial, chamada sala Snoozelen, onde se traballa a relaxación, a atención, e a estimulación sensorial, sendo esto transversal a todo o que concerne ós rapaces/zas no ámbito educativo, sobre todo nos primeiros anos.

Orientación/Psicoloxía: As intervencións de tipo psicolóxico realízanse pola detección de problemas conductuais, tanto por parte da familia como polos profesionais do centro.

Existen outros servizos complementarios como son:

1-Transporte: O colexio conta con rutas propias e outras externalizadas. Todo o transporte está adaptado, xa que todos os nosos/as alumnos/as utilizan cadeira de rodas. Tamén levan un acompañante para atender as súas necesidades, durante o percorrido.

2-Comedor: A totalidade do alumnado come no colexio, existen dietas específicas para ás peculiaridades que presentan. A DUE encárgase dos casos de PEG (botón de gastrostomía). Todo o persoal participa na hora de xantar, xa que a todos os nenos/as necesitan apoios individuais. Existen diferentes texturas, e os

materiais (vasos, cubertos, pratos...) son adaptados as peculiaridades que presentan.

3-Servizos médicos: A neuróloga fai a valoración inicial dos casos. O médico xeneralista atende os nenos/as cando o precisan. A DUE revisa a medicación, e valora inicialmente as incidencias e comunicállas o médico correspondiente.

3. Proposta Curricular para Educación Infantil

A Educación infantil abarca dende os 0 ata os 6 anos, dividíndose en dous ciclos, o primeiro de 0-3 anos, e o segundo de 3-6. Os contidos educativos, segundo a lexislación vixente, organízanse arredor das seguintes áreas:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal
- Coñecemento do contorno
- Linguaxes: comunicación e representación.

3.1. Obxectivos xerais de 1º ciclo:

Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

Obxectivos:

- Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e segmentariamente.
- Recoñecer os sentidos coma fontes de sensacións empregándoos para o coñecemento do seu mundo circundante.
- Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ó manexo de útiles e materiais presentes na súa contorna.
- Adquirir o control postural e dinámico do seu corpo mantendo o equilibrio necesario para a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento.

- Tomar conciencia das características persoais identificando as calidades que o definen coma un individuo singular.
- Afianzar a propia persoalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto as necesidades comúns do grupo.
- Adquirir autoestima esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás.
- Iniciarse no control do propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das normas e valores sociais.
- Iniciarse na tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos desexos.
- Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coidado persoal.

Os contidos de esta área se dividen en bloques

Bloque 1: O corpo

Bloque 2: A identidade, a autoestima e as emocións

Bloque 3: O coidado persoal

Área: Coñecemento do contorno

Obxectivos:

- Observar a súa contorna, identificando as propiedades dos obxectos para establecer comparacións.
- Establecer relación causa-efecto, percibindo as consecuencias das súas accións nos obxectos ou persoas do seu contorno.
- Resolver situacións problemáticas con obxectos, ensaiando diferentes estratexias de resolución.

- Empregar cuantificadores e medidas relacionándoas con situacións cotiás.
- Identificar as nocións espaciais establecendo relacións cos obxectos e as persoas cas que interactúa.
- Identificar secuencias temporais relacionándoas con rutinas e períodos de tempo habituais.
- Descubrir as características dos animais e vexetais, diferenciando os seres vivos doutros elementos e materiais presentes no seu contorno inmediato.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e pertenza baseándoas no respecto ás persoas e ás normas da sociedade.
- Apreciar as celebracións persoais e comunitarias importantes para as persoas valorándoas como actividades que constrúen a vida en sociedade.
- Apreciar algúns elementos significativos propios da cultura galega.
- Identificar as funcións dos grupos e das organización da comunidade descubriendo as principais características e actividades das persoas que as conforman.

Os bloques de contido nesta área son:

Bloque 1: O medio físico.

Bloque 2: Achegamento a natureza

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade

Área: Linguaxe: Comunicación e representación:

Obxectivos:

- Utilizar as diversas linguaxes entendéndoas como instrumentos de comunicación entre as persoas, de expresión das ideas e sentimentos, e de representación da realidade.
- Comprender a intencionalidade comunicativa das persoas, adoptando una actitude positiva para esa comunicación.
- Empregar a xestualidade e as manifestacións corporais identificándoas como unha forma de comunicación humana.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais valorándoas coma ferramentas de relación cos demais.
- Empregar a linguaxe plástica identificándoa como un medio de expresión de sentimentos e desexos, e de representación da realidade.
- Sentir o feito musical identificándoo como un medio de expresión e manifestación cultural.
- Empregar creativamente as diferentes linguaxes axustando as técnicas expresivas ós seus intereses e sentimentos.
- Descubrir a escrita identificándoa como representación de ideas, pensamentos e conceptos elaborados pola comunidade.
- Amosar interese polas producións dramáticas valorándoas como unha posibilidade de gozo persoal.

Os bloques de esta área son:

Bloque 1: Comunicación xestual e oral.

Bloque 2: Expresión plástica e musical.

Bloque 3: Representación escrita e dramática

3.2. Obxectivos xerais de 2º ciclo:

Neste segundo ciclo, os obxectivos se desenvolven de unha maneira encadeada, xa que é importante acadar a maior parte dos do primeiro ciclo para proceder a una consecución máis axeitada dos do segundo ciclo. Tamén este ciclo estrutúrase por áreas e bloques, moi parecidos ós do anterior, resultando o seguinte:

Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Obxectivos:

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción cas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades da acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaz de expresalos e comunicalos, así como de identificar e respetar tamén os de outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requerimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de sumisión ou dominio.

- Progresar na adquisición de hábitos ou actitudes relacionados ca seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar en hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

Os bloques de contido que se corresponden neste área son:

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe

Bloque 2: Xogo e movemento

Bloque 3: A actividade cotiá

Bloque 4: O coidado persoal e a saúde

Área: Coñecemento da contorna.

Obxectivos.

- Observar e explorar de forma activa a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos da contorna e relacionalos cos factores que os

producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa observación.

- Relacionarse cas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando as pautas de comportamento social e axustando a súa conducta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseada no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e a cultura galega

Os bloques de contido que corresponden a esta área son:

Bloque 1: Medio físico: elementos, relación e medida.

Bloque 2: Achegamento a natureza.

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade.

Área: Linguaxes: comunicación e representación:

Obxectivos da área:

- Utilizar as diversas linguaxes coma instrumento de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais como elementos xenuinos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconos, e outros símbolos e signos convencionais

poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.

- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos con diferentes interlocutores e en diversos contextos, valorando a linguaxe coma ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e da aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutros/as nenos/as, así coma de persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e amosar interese e gozo en participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse a lingua escrita a través de distintos tipos de texto.
- Comprender, reproducir, reescribir e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e coma fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, trnasformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos..
- Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respetando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ó coñecemento, emprego e valoración das TIC como ferramenta de búsqueda de información, creación, expresión e comunicación.

Ten os seguintes bloques de contido:

Bloque 1: Linguaxe verbal.

Bloque 2: Linguaxe artística: plástica-musical-corporal.

Bloque 3: Linguaxe audiovisual.

Todos estes obxectivos e criterios de avaliación que os acompañan, están reflexados na lexislación vixente, pero hai que salientar as grandes dificultades que teñen os nosos alumnos/as a hora de conseguilos, e que en algunhas ocasións adpatáanse en gran medida as posibilidades dos nenos/as cos que neste momento estamos a traballar.

3.3. Criterios metodolóxicos

A adquisición de coñecementos para aplicalos no medio debe ter en conta o contexto da educación. As habilidades funcionais ensínanse e apréndense mellor no seu contexto natural, porque os nenos/as teñen graves dificultades para xeneralizar o aprendido e traspasalo dunha situación a outra.

Debe haber unha ensinanza de sistemas alternativos ou aumentativos de comunicación para dotar ás persoas de estratexias comunicativas e de comprensión social básicas. Independentemente do método de comunicación que se empregue, o uso de axudas para a comprensión do medio social será imprescindible na ensinanza deste alumnado.

As veces hai comportamentos disruptivos que dificultan as posibilidades de integración no medio, son unha forma de comunicar as súas necesidades, desexos ou evitar situacións adversas por falta de habilidades comunicativas.

Debemos analizar as condicións e situacións do contexto que presentan máis dificultades para o alumno/a, valóranse que aspectos é necesario modificar, así como as competencias que hai que potenciar.

O alumnado presenta características persoais moi diferenciadas, niveis cognitivos dispares, deficiencias asociadas, contextos diferentes e intereses persoais e familiares diversos. Hai que establecer métodos que sexan respetuosos coas características dos rapaces/zas e que respondan ás súas necesidades tanto xerais como individuais.

O noso enfoque considera que a intervención educativa debe ser aplicada a todos os ámbitos da vida dos nenos/as, polo tanto a atención debe ser global, continuada, adaptada, flexible e aplicada nun entorno o menos restrictivo posible.

Os principios metodolóxicos nos que se basan as nosas actuacións son: unha intervención persoalizada, globalización do ensino, estruturación do ensino, estruturación física e temporal, aprendizaxes significativos e en contornos naturais, aprendizaxes baseados no éxito, motivación, participación e coordinación.

3.4. Avaliación

A avaliación é una parte primordial da proposta curricular do noso centro, permite dar información e reorganizar os obxectivos a cumprir e tamén axustar o proceso de ensinanza.

É un instrumento de investigación e reflexión, de debate profesional e de decisión sobre as propostas didácticas e sobre a resolucións das problemáticas que aparecen na vida da aula e do centro. Non só se refire o proceso ensinanza -aprendizaxe dos alumnos/as, senón que contempla a avaliación da práctica docente e do propio plantexamento curricular.

Cumple a función de informar sobre os procesos e resultados da acción educativa, ten a finalidade de verificar si o proceso de ensinanza é axeitado ás características e necesidades do alumno/a, e en función de iso, introducir medidas de mellora, determinar si se alcanzaron os obxectivos educativos...Ademáis é un recurso para que o equipo docente comparta entre si, de forma rigurosa e sistemática, a reflexión sobre a súa práctica e sirva para revisar e investigar a propia acción educativa.

É un proceso continuo, que se da paralelamente o proceso de aprendizaxe, no que se destaca:

- Avaliación inicial: Coñecer as necesidades do alumnado e as condicións de partida, o que necesitan aprender para desenvolverse de forma autónoma no seu medio e as axudas e elementos facilitadores para as súas aprendizaxes.
- Avaliación continua: Coñecer o que está sucedendo e axustar o programa educativo, introducindo as modificacións oportunas.
- Avaliación final: Determina si se alcanzaron os obxectivos e en que medida foron cumpridos.

A avaliación ten que compartir os principios considerados básicos na aprendizaxe do noso alumnado, polo que os criterios á hora de avaliar deben ser guiados por: a idade cronolóxica, funcionaidade e utilidade, teñen que ser importantes para a propia persoa, desexables e positivos.

A información para avaliar obterase tanto por observación directa coma con instrumentos de medida.

4. De Educación Infantil a Educación Primaria

O paso dunha etapa a outra no noso alumnado, en moi raras ocasión é unha liña definida, dadas as súas peculiaridades, a maioría das veces, empezan a manexarse obxectivos de educación primaria cando

ainda están inmersos nos de educación infantil. Dende a Educación Infantil débese, por una veira, potenciar e desenvolver ó máximo, todas as posibilidades do alumnado e, por outra, debe dotarlles das competencias, destrezas, habilidades, hábitos, e actitudes... que faciliten a posterior adaptación á Educación Primaria. Cando o alumnado pasa á Educación Primaria, experimenta unha reestructuración psicolóxica esencial, é dicir, comenza mantendo as características psicolóxicas propias dos nenos/as de Educación Infantil, pero supón un cambio importante reflexado na metodoloxía de traballo, as rutinas de clase, os materiais e os recursos. Resulta evidente que incluso as características e necesidades son diferentes. A adaptación á nova etapa é progresiva, e na inmensa maioría, as veces solápanse os obxectivos, polas capacidades diferentes dos nosos alumnos/as. O desenvolvemento do alumnado é un proceso continuo e ascendente, os obxectivos que se conseguen teñen repercusións para os seguintes e serán a base de aprendizaxes posteriores. Debe ser continuo, gradual e coherente evitando cambios bruscos e saltos sen xeito.

No caso do noso alumnado para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias de cada etapa establece as medidas curriculares oportunas que aseguren un progreso axeitado. As adaptacións curriculares que se desenvolven nesta etapa buscan o máximo desenvolvemento das competencias clave e una avaliación continua.

As áreas nesta etapa son:

- Área das Ciencias da Natureza
- Área das Ciencias Sociais
- Área da Lingua castelá e literatura
- Área das Matemáticas

- Área Primeira Lingua Estranxeira

- Área de Educación Física

- Área de valores sociais e cívicos

- Área de Educación Artística

- Área da Lingua Galega e literatura

Cada una destas áreas ten bloques de contido, obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que dan forma a esta etapa educativa. No noso centro, ó igual que nas etapas de Educación Infantil e o Tránsito a Vida Adulta, necesitan os obxectivos ser adaptadas para facilitar a maior normalidade dos alumnos/as dentro do sistema educativo.

5. Tránsito á Vida adulta

O tránsito á vida adulta no alumnado está regulado na ORDE do 22 de marzo de 1999, do Ministerio de Educación e Cultura, pola que se regulan os programas de formación para a transición á vida adulta destinados ós alumnos/as con necesidades educativas especiais escolarizados en Centros de Educación Especial. (BOE, nº 86).

Así coma o Decreto 229/2011, do 7 de decembre, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de Maio.

Vai encamiñado a persoas con parálise cerebra ou patoloxías afíns, que cumpriran 16 anos e cursaran a ensinanza básica, inda que a duración destes programas é de dous anos, ampliable a tres, cando a permanencia posibilite alcanzar obxectivos para un maior grao de socialización ou destrezas laboráis. O límite de idade de escolarización está nos 20 anos,

prorrogable ata os 21. Dadas as particularidades dos nosos rapaces/zas tamén adaptamos os obxectivos para a súa maior consecución.

A finalidade deste programa é facilitar o desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social do alumnado.

Obxetivos xerais:

- Afianzar e desenvolver as capacidades dos alumnos/as, nos seus aspectos físicos, afectivos, cognitivos, comunicativos, morales, cívicos e de inserción social, promovendo o maior grao posible de autonomía persoal e de integración social.
- Fomentar a participación dos alumnos/as en todos aqueles contextos nos que se desenvolve a idade adulta: a vida doméstica, utilización de servizos á comunidade e disfrute do ocio e tempo libre, entre outros.
- Promover os coñecementos instrumentais básicos, adquiridos na educación básica, afianzando as habilidades comunicativas e numéricas, a capacidade de razoamento e resolución de problemas da vida diaria, así coma o desenvolvemento da creatividade dos alumnos/as.
- Potenciar hábitos vinculados coa saúde corporal, a seguridade personal e o equilibrio afectivo, para desenvolver a súa vida co maior benestar posible.
- Usar responsablemente as NNTT.

Ós ámbitos da transición á vida adulta, son tres, e cada un ten uns módulos onde quedan reflexados os obxectivos:

Autonomía persoal na vida diaria:

Ten coma finalidade consolidar os obxetivos alcanzados na Educación Básica Obrigatoria e promover ó máximo a consecución de obxetivos dirixidos a desenvolver o seu maior grao de autonomía e independencia persoal, sempre en función das capacidades dos alumnos/as con parálise cerebral. No ámbito de Autonomía persoal na vida diaria, débese de incidir na preparación do

alumno/a nun coñecemento do seu corpo e das súas necesidades persoais (hixiene, vestido, alimentación, saúde e expresión, afectivas e sexuais) para que él/ela sexan, en función dos seus intereses, e capacidades quén determine coma satisfacelas. É tamén obxecto deste ámbito de experiencia coma o alumnado se relaciona co seu espacio e tempo máis próximo e coma se poñen en práctica as súas habilidades e estratexias para fomentar o maior grao de autonomía posible.

Os módulos de esta área son:

- 1- Benestar e coidado dun mesmo.
- 2- Autonomía na contorna.

Actuación social e comunitaria:

O ámbito de desenvolvemento social debe de incidir na participación neste medio próximo que o rodea, nos recursos da súa cidade ou localidade e na utilización destes para ocupar o seu lecer e tempo libre, sempre en función dos intereses e capacidades. Os contidos van dirixidos a desenvolver a vivenciación e interiorización da súa contorna. Ó longo de toda a etapa, pero en especial, é nesta parte do mesma, onde de vanse poñer en práctica todos os contidos de comunicación e relación interpersonal e convivencia, xa que é a través da linguaxe e os seus distintos sistemas de comunicación alternativos e /ou axudas técnicas o medio de interacción do noso alumnado coa súa contorna física e social.

Os módulos deste área son:

- 1- Participación na vida comunitaria.
- 2- Ocio e tempo libre.
- 3- Desprazamentos e transporte.

Orientación e formación laboral:

O ámbito de orientación e formación laboral está dirixido para que os alumnos/as acaden os obxectivos necesarios para a súa inclusión no mundo laboral. Concebimos este módulo coma un momento importante na vida dos alumnos/as xa que poñemos a súa disposición as ferramentas necesarias para una completa inclusión social no mundo laboral.

A selección de contidos faise atendendo ás necesidades educativas cada un, tendo en conta as capacidades que pretendemos desenvolver, así como o tipo de aprendizaxes e tendo moi en conta os intereses dos alumnos/as.

Os módulos son:

1. Capacitación laboral.
2. Orientación laboral.
3. Formación de centros de traballo.

As especiais características dos alumnos/as do CEEPR ASPACE CORUÑA, propician que haxa que ter en conta o seguinte:

- Durante o proceso de ensinanza aprendizaxe se propiciará establecer relaciones entre os coñecementos e as experiencias previas e os novos contidos de aprendizaxe.
- Partir dos intereses e capacidades de cada alumno/a para incorporalos ó seu proceso de desenrolo individual e ás metas que se propuxeran no seu plan de tránsito individualizado.
- Traballar en contextos que desperten e manteñan o interés del alumnado.
- Os contidos dos distintos ámbitos hanse de estruturar de maneira interrelacionada e serverán de base para plantexamentos de acción global coma: talleres, proxectos, entornos, procurando ter en conta

tanto a idade cronolóxica, coma a capacidade cognitiva e as súas posibilidades en canto á mobilidade funcional.

- Desenvolver os contidos cun enfoque funcional e otorgar prioridade dos contidos actitudinais e procedimentais sobre os conceptuais.
- Planificar as actividades e estratexias utilizadas tendo en conta que a secuenciación das actividades realizarase en pequenos pasos mediante técnicas de modelado, encadenamiento, aproximacións sucesivas, etc. Segundo os seus niveis de dificultade.
- Na presentación de aprendizaxes será necesario utilizar mediacións físicas, verbais, etc. e todo tipo de Sistemas Alternativos e Aumentativos da Comunicación así coma axudas técnicas.
- Será imprescindible con este tipo de alumnado aplicar as aprendizaxes a situacións fora da aula para contribuir a súa xeneralización.
- Na organización dos espazos, horarios e tempos das rutinas de traballo diarias se terá en conta o combinar o traballo individual e o cooperativo sempre e cando as posibilidades dos alumnos/as o permitan.
- A cooperación, e o traballo multidisciplinar será imprescindible para poder atender as necesidades especiais do alumnado que atendemos.

Haberá que realizar unha avaliación inicial para determinar o Plan de tránsito personalizado, que terá a súa vez, una adaptación individualizada dos obxectivos, elaborado polo titor/a.

Ó longo do programa, a avaliación del alumnado é continua e de carácter formativo, dando especial importancia ós aspectos cualitativos das aprendizaxes do alumnado.

6. Consideracións finais

Despois de todo o anteriormente exposto, añaíres que este documento ten uns anexos que completan toda esta diversidade e heteroxeneidade, na que se reflicta moi claramente cales son os obxectivos fundamentais para as etapas educativas nas que neste momento están inmersos os nosos alumnos/as.

Anexo 1: Plan de atención a Diversidade.

Anexo 2: Obxectivos de 1º Ciclo de Educación Infantil.

Anexo 3: Obxectivos de 2º Ciclo de Educación Infantil.

Anexo 4: Plan de Acción Titorial

Anexo 5: Proxecto Educativo de Centro.

Anexo 6: Programa de Transición a la vida adulta.

7. Lexislación:

1985. Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo. Reguladora do Dereito a Educación (BOE 4 de xullo de 1985).

1995. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral.

1996. Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con necesidades educativas especiais que cursan ensinanzas de réxime xeral, e establécese o procedemento e os criterios para o dictame de escolarización (DOGA do 19 de setembro de 1996).

1998. Orde do 24 de xullo de 1998 pola que establece a organ1983. Lei 3/1983, do 7 de xunio de normalización lingüística (DOGA de 14 de xullo de 1983).

1995. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeneralizado e o funcionamento da

orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998 (DOGA do 31 de xullo de 1998. Orde do 1 de setembro de 1998 pola que establécese o número de unidades e os postos de traballo de educación infantil, colexios de educación primaria, colexios de educación especial, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria (DOGA do 11 de setembro de 1998).

2003. Orde do 27 de setembro de 2002 pola que establécense as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOGA do 30 de xaneiro de 2003). 2006. Lei Órgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio de 2006).

2009. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que establécese o curriculum de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA do 31 de xullo de 2009).

2009. Orde do 25 de xuño de 2009 pola que regúlase a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA do 31 de xullo de 2009). 2010. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOGA de 25 de maio de 2010). 2011. Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, no que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no seu artigo 121.2.

2013. Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10 de decembro de 2013).

2014. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que establécese o curriculum de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA 9 de setembro de 2014). 2015. Decreto 86/2016, do 25 de xuño, polo que establécese o curriculum de educación secundaria obrigatoria e do bachelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA do 29 de xuño de 2015).

